

INFORMACIÓN XERAL XOGANDO NO NADAL 2023

Destinatarios: Para o alumnado de 4º, 5º e 6º de E. Infantil, toda E. Primaria, e 1º da ESO.

Datas: No período de vacacións escolares de Nadal 2023, os días 22, 26, 27, 28 e 29 de decembro de 2023 e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro de 2024, repartidos en dúas quendas:

- 1ª quenda: do 22 ao 29 de decembro de 2023 (5 días).

- 2ª quenda: do 2 ao 5 de xaneiro de 2024 (4 días).

Os pai/nais ou titores/as poderán inscribir ao seu fillo/a, nunha soa quenda ou nas dúas.

Prazas: O número total de prazas para que se poñan en marcha as actividades do campamento e que se van a ofertar é de mínimo 20 e o número máximo de 84 (por quenda).

Prazas mínimas e máximas por quenda para que se leven a cabo os servizos:

SERVIZOS	Mínimo por quenda	Máximo por quenda
Mañanceiro	10	84
Almorzo	10	
Actividades	20	
Comida	25	
Transporte	10	

Lugar de realización: Realizarase no CEIP Wenceslao Fernández Flórez (pavillón polideportivo, aula usos múltiples, aula ANPA, ximnasio e comedor do centro e baños anexos a cada espacio).

A realización das actividades neste centro escolar está supeditada a súa autorización polo Consello Escolar do centro.

Inscricións: O período de inscrición irá do **30 de novembro de 2023 ao 14 de decembro (ambos inclusive)**.

Documentación a presentar para a inscrición:

- Solicitud de inscrición (segundo modelo normalizado) a descargar na páxina web municipal.
- Documentación acreditativa do núm. IBAN de conta bancaria onde se fará o cargo do prezo público correspondente ás actividades.
- Documentación necesaria para acreditar as reducións marcadas na solicitude de inscrición (Fª Nª, carné xove ou da OMIX, se ambos proxenitores figuran no rexistro do paro, voluntariado de Cambre..).
- Libro de Familia.
- De ser o caso: sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador onde indique a pensión de manutención establecida, certificado de viuvez, certificado de familia monoparental ou monomarental emitido pola administración competente ao efecto.
- Informe da empresa no que conste que ten que traballar os días nos que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a, ou calquera outro documento que o acredite; no caso de autónomos o último recibo de pago ou outro documento que acredite a súa situación laboral activa e declaración xurada que indique que ten que traballar os días nos que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a.

- Autorización asinada polo/a solicitante e todos os membros da unidade familiar para que o concello de Cambre solicite o nivel de renda á Axencia Tributaria do ano 2022.

Aos efectos do cálculo do nivel de renda da unidade familiar e para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2022, deberá documentarse o exercicio 2023 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

- No caso de separación ou divorcio: certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2023 que aparezan na vida laboral, ou certificado de empresa oficial onde conste o período de traballo e importes percibidos nese período.

- No caso de desemprego: Demandante de emprego con prestación: certificado de prestacións do SEPE no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara. Demandante de emprego sen prestación: certificado do SEPE e certificado de vida laboral.

- No caso de ERTE: documentación que acredite a situación e na que se reflicten os ingresos percibidos nese período e resto de ingresos percibidos fóra dese período no ano 2023 ata a data de presentación da solicitude.

- No caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2023 que aparezan na vida laboral ou certificado de empresa oficial.

- Noutros casos non recollidos neste apartado, a documentación necesaria que o acredite segundo sexa o caso e que permita ao Concello poder comprobar o seu nivel de renda.

Esta documentación terase que presentar:

Vía telemática pola sede electrónica do Concello de Cambre ou en calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se xa presentou neste ano 2023 o Libro de Familia, a sentenza de separación, convenio regulador ou declaración xurada e o nº de IBAN, título de Familia Numerosa en vigor, carné xove o da OMX en vigor non será necesario que o presente de novo con esta solicitude, pero si é obrigatorio que o indique expresamente na súa solicitude, con mención expresa ao expediente no que obre a documentación.

O Concello de Cambre, poderá solicitar canta información necesite para calcular a renda per cápita anual da unidade familiar se así o estima oportuno para o que a familia deberá presentar a documentación requirida no prazo que se estableza.

Datas de publicacións de solicitudes admitidas e lista de agarda:

O **anuncio inicial** de aceptación de solicitudes cos servizos que inicialmente poden poñerse en marcha en función das solicitudes recibidas publicárase o **18 de decembro de 2023 na páxina web municipal** ou se poderá chamar ao concello de Cambre (concellería de Educación) no nº de tf.: 981 613 291.

A **baixa ou cambio de modalidade** solicitarase por escrito presentándoa en calquera dos rexistros municipais ata as **23:59 horas do 19 de decembro de 2023**. Logo desas datas procederase igualmente ao cobro da actividade, agás se a solicitude de baixa ou cambio de modalidade fose por causa de forza maior e xustificada.

Haberá unha **publicación definitiva** de solicitudes admitidas e lista de agarda e os servizos definitivos que van realizarse o **día 20 de decembro de 2023 na páxina web municipal**, xa que por mor das baixas ou cambios de modalidade a información inicial poden variar.

Servizos: O programa diario estará estruturado da seguinte forma:

- Haberá servizo de **Mañanceiro a primeira hora da mañá** con almorzo incluído, para quen o solicite, de 7:30 a 9:30 horas sen servizo de transporte, polo que son os pais/nais/titores os que teñen que levar directamente aos seus/súas fillos/as ao centro escolar.

- As **actividades propias do programa** realizaranse de 9:30 a 13:30 horas. Serán actividades lúdico - deportivas e culturais e estarán relacionadas co Nadal. Faranse grupos de 14 participantes por idades co/coa seu/súa monitor/a en espazos diferenciados para cada grupo.

- Por último, de 13:30 a 16:30 horas. haberá **servizo de comida** no comedor escolar para quen o solicite, e os participantes farán actividades logo da comida e antes de que saia o transporte ou sexan recollidos/as polos/as seus/súas pais/nais ou titores. Se non houbera as solicitudes suficientes para poñer en marcha o servizo de comida, as actividades rematarían ás 14:30 horas e o autobús sairía a esa hora. Habería atención aos participantes aos que vaian a recoller ao centro de 14:30 a 15:00 horas.

Haberá servizo de transporte para os que o soliciten, con paradas nos centros escolares e urbanización da Barcala.

PARADA	Horario de ida	Horario de volta
CEIP Plurilingüe Graxal	8:50 horas	17:05 horas
CEIP Portofaro	8:55 horas	17:00 horas
P. Bus rotonda entrada A Barcala	8:55 horas	17:00 horas
Escola de Pravio (no Cruceiro e P. Bus)	9:00 horas	16:55 horas
CEIP Emilio Glez. López de Brexo-Lema	9:05 horas	16:50 horas
CEIP GTB de Sigrás	9:15 horas	16:40 horas
CEIP Wenceslao Fdez. Flórez	9:25 horas	16:30 horas

Estas paradas e horarios poden variar en función da demanda.

Se non houbera as solicitudes suficientes para poñer en marcha o servizo de comida, as actividades rematarían ás 14:30 horas e o autobús sairía a esa hora. Habería atención aos participantes aos que vaian a recoller ao centro de 14:30 a 15:00 horas.

O horario do transporte, neste caso, sería o seguinte:

PARADA	Horario de ida	Horario de volta
CEIP Plurilingüe Graxal	8:50 horas	15:05 horas
CEIP Portofaro	8:55 horas	15:00 horas
P. Bus rotonda entrada A Barcala	8:55 horas	15:00 horas
Escola de Pravio (no Cruceiro e P. Bus)	9:00 horas	14:55 horas
CEIP Emilio Glez. López de Brexo-Lema	9:05 horas	14:50 horas
CEIP GTB de Sigrás	9:15 horas	14:40 horas
CEIP Wenceslao Fdez. Flórez	9:25 horas	14:30 horas

Prezos: O prezo público e as reducións son as reflectidas no Acordo regulador do prezo público por actividades extraescolares municipais, artigo 4º, apartado 9 programa de actividades extraescolares en períodos vacacionais: 1,00 euro/ hora polas actividades e 4 euros/ día pola comida. Tendo en conta o número total de horas do programa por módulos o prezo sería o seguinte:

Módulo Mañanceiro - Almorzo: 2 euros/día.

Módulo actividades mañá: 4 euros/día.

Módulo da comida: 3 euros/ día + 4 euros/día (comida).

Tendo en conta as diversas modalidades existentes as tarifas a aplicar por modalidade e quenda son as seguintes:

MODALIDADE	TARIFA/ 1ª QUENDA (5 días)			TARIFA/2ª QUENDA (4 días)		
	1ª QUENDA (ACTIVIDADES)	1ª QUENDA (COMIDA)	TOTAL 1ª QUENDA	2ª QUENDA (ACTIVIDADES)	2ª QUENDA (COMIDA)	TOTAL 2ª QUENDA
Mañanceiro (con/sen almorzo) e actividades. De 7:30 a 13:30 horas (6 horas).	30 euros	—	30 euros	24 euros	—	24 euros
Mañanceiro (con/sen almorzo), actividades e comida. De 7:30 a 16:30 horas (9 horas).	45 euros	20 euros	65 euros	36 euros	16 euros	52 euros
Actividades e comida. De 9:30 a 16:30 horas (7 horas).	35 euros	20 euros	55 euros	28 euros	16 euros	44 euros
Só actividades. De 9:30 a 13:30 horas (4 horas).	20 euros	—	20 euros	16 euros	—	16 euros

Se non houbera o servizo da comida o importe sería o que corresponda polo número de horas segundo a modalidade elixida.

Importante a ter en conta polos/as pais/nais ou titores:

- As autorizacións que figuran na solicitude deben ser cubertas. De non ser cubertas ou omitir a dita información, o Concello non se fará responsable das circunstancias que poidan ocorrer relacionadas coas mesmas.
- Os participantes non poderán achegar material propia da casa nin aparellos electrónicos nin teléfono móbil.
- Os participantes non poderán levar comida para o almorzo nin para a comida pero si para a merenda a media mañá.

Selección dos/das participantes: Se houbera máis solicitudes que prazas por quenda farase unha valoración de solicitudes tendo en conta os seguintes criterios:

- 1º.- Empadramento: terán preferencia en primeiro lugar os nenos e as nenas empadroados/as en Cambre, logo os que os seus/súas pais/nais ou titores/as traballen no municipio de Cambre e por último os nenos e as nenas empadroados/as noutros municipios.

Segundo o criterio do empadramento darase a seguinte puntuación segundo as seguintes circunstancias:

- 2º. - Situación laboral: valorarase esta situación primeiro en relación aos empadroados/as, a continuación aos que traballan no municipio e por último aos empadroados/as noutros municipios:
 - Situación laboral:
 - en primeiro lugar: se os/as dous/dúas proxenitores/as traballan nos días para o que solicita o campamento; no caso de ser monoparental se o seu proxenitor/a traballa nos días para o que solicita o campamento; no caso de separación ou divorcio se traballa nos días para o que solicita o campamento o/a proxenitor/a que ten ao seu cargo o/ a seu/ súa fillo/a. 2 puntos
 - en segundo lugar: se un/unha proxenitor/a, dos dous, traballa nos días para o que solicita o campamento e o outro/a non. 1 punto
 - en terceiro e último lugar: cando non traballa ningún dos dous proxenitores/as. 0 puntos

Farase a selección de solicitudes logo da suma de puntos segundo as circunstancias mencionadas anteriormente (de maior a menor puntuación) e no caso de empate terase en conta o nivel de renda per cápita anual da unidade familiar do ano 2022 e terán preferencia o que teña menor nivel de renda per cápita anual en diante.

Para xustificar a situación laboral deberán presentar, coa solicitude, un informe da empresa no que conste que ten que traballar os días nos que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a, ou calquera outro documento que o acredite; no caso de autónomos o último recibo de pago ou outro documento que acredite a súa situación laboral activa e declaración xurada que indique que ten que traballar os días nos que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a.

Solicitudes presentadas fóra do prazo: A orde das solicitudes presentadas fóra de prazo virá determinada segundo a data de inscrición.

Lista de agarda: Elaborarase unha lista de agarda se se presentan máis solicitudes que prazas.

E no caso de haber baixas dos/das participantes admitidos/as, chamarase telefónicamente e enviarase unha mensaxe ao móbil ou un correo electrónico por orde da lista de agarda para darlle de alta ao que corresponda se este segue interesado/a en participar e deberá ser respondida nese mesmo día. Se non quisexe comezar a actividade deberá comunicar a súa renuncia por escrito en calquera dos rexistros do Concello de Cambre).